



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Guía de recursos de software libre para mulleres emprendedoras do rural





Elaborado por: Oficina de Software Libre  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

© Xunta de Galicia.

Esta obra distribúese cunha licenza Creative Commons Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional.  
Para ver unha copia da licenza pulse [aquí](#).



## Benvida a esta guía!

Se tes un negocio no rural de Galicia, sabes que cada día é un desafío e unha oportunidade. Quizais utilices a tecnoloxía de forma básica, pero e se puideses facer crecer o teu negocio con ferramentas dixitais poderosas e seguras?

O obxectivo desta guía é moi simple: darche a coñecer ferramentas dixitais que non te "aten" a unha empresa e que che axudarán a levar o teu negocio un paso máis alá, xa sexa para organizar os teus papeis, deseñar o teu logo ou para que máis xente descubra o que ofreces.

Imos empezar xuntas este camiño!




## Que é o software libre?

Imaxina que o software é un prato de comida.

- O **software tradicional** (privativo) é como cando vas a un restaurante. Pagas polo prato (o programa), cómelo e desfrutas da experiencia. Pero non tes a receita, non sabes os ingredientes exactos que leva nin como se cociñou, e non podes compartila con ninguén.
- O **software libre** é como se che desen o prato xunto coa receita completa. Podes comer o prato, pero ademais, sabes os ingredientes que leva (o código) e o proceso para cociñalo. Tes a liberdade de axustar a receita ao teu gusto, compartila ou incluso melloralala para o resto do mundo.

En esencia, o software libre é un programa que se pode usar sen custos de licenza, que non te "ata" a ningunha empresa e que está creado e mellorado por unha gran comunidade de persoas.



## En man común

O software libre funciona con ese mesmo **espírito mancomunado** que tan ben coñeces no rural.

Do mesmo xeito que un monte ou un nacemento de auga son xestionados de xeito colectivo por unha comunidade para o beneficio de todas e todos, o software libre é un recurso creado e mantido por unha gran comunidade de persoas.

Este traballo colaborativo permite que as ferramentas evolucionen de forma constante, se adapten mellor ás necesidades reais e estean dispoñibles para calquera, sen a atadura de depender dunha única empresa. É unha forma de asegurar que o coñecemento e a tecnoloxía son un ben común.

Non é casualidade que o portal web de referencia sobre software libre da Xunta de Galicia se chame [mancomun.gal](http://mancomun.gal).




## Por que che interesa?

O software libre ten vantaxes moi claras para o teu negocio:

- **Sen custos de licenza:** Non terás que pagar por programas ou subscricións mensuais para poder usalos legalmente. Aforrarás moito diñeiro que poderás investir noutras cousas. Se precisas que alguén che axude a instalalo ou a personalizalo, si terías que pagar por ese servizo, pero o programa en si non ten custo de uso.
- **Dáche liberdade:** Non dependes dunha soa empresa. Se non che gusta un programa, hai moitas outras opcións e a información do teu negocio non queda "secuestrada" por un único proveedor.
- **É seguro:** Ao estar o "código" aberto para que calquera o revise, os erros e as fallas de seguridade detéctanse e corríxense moito máis rápido que noutros programas.

# Ferramentas para comezar

A continuación mostraremosche algunhas ferramentas coas que podes empezar. Son sinxelas de usar e axudaranche nas tarefas cotiás do teu negocio: crear contidos dixitais, xestionar documentos, traballar coa nube...



## Contidos dixitais

A imaxe do teu negocio é moi importante. Con estas ferramentas, podes crear contidos para as túas redes sociais, un folleto, un cartel ou unha tarxeta de visita, sen necesidade de pagar por programas caros.

- **GIMP:** Editor de imaxes moi completo para retocar fotos, recortar...
- **Inkscape:** Ferramenta para deseñar logos e gráficos vectoriais.
- **Drawpile:** Programa de debuxo colaborativo en rede.

## Recursos

*(Fai click no texto para ir ao recurso)*

- [Artigo e pílula sobre GIMP](#)
- [Artigo e pílula sobre Inkscape](#)
- [Artigo e pílula sobre Drawpile](#)

## Bancos de imaxes

Na Internet podemos atopar bancos de imaxes que nos sirvan como base para as nosas creacións dixitais. Á hora de empregalos debemos fixarnos nos termos e condicións para ter claro o que podemos facer, ou non, con esas imaxes cando as integramos nas nosas creacións.

Os principais bancos de imaxes, con licenzas máis permisivas son:

- **Pexels**: <https://www.pexels.com>
- **Pixabay**: <https://pixabay.com>
- **Freepik**: <https://www.freepik.es>
- **Shutterstock**: <https://www.shutterstock.com>



Na **Guía de boas prácticas para liberación de contidos e software** da AMTEGA podes consultar máis en detalle as súas características e tamén onde atopar outros tipos de recursos.

## Correo electrónico profesional



O correo electrónico é fundamental para a comunicación coas túas clientes e provedores. É importante que uses unha dirección de correo profesional (omeunegocio.gal) en vez dunha xenérica de Gmail ou Outlook.

- Para xestionar este correo, tes varias opcións:
- **Mozilla Thunderbird:** É un programa de escritorio, igual que LibreOffice, que se instala no teu ordenador. Permíteche xestionar todas as túas contas de correo nunha soa aplicación.
- **ProtonMail:** Se prefires unha solución que non necesite instalación, ProtonMail é un servizo de correo seguro e con foco na privacidade, que funciona directamente no navegador. Podes ver un par de pímulas en vídeo que preparamos sobre o funcionamento do [correo](#) ou da [ferramenta de calendario](#).



Se queres usar un programa como Thunderbird para xestionar o teu correo, necesitarás ter previamente unha conta de correo electrónico profesional, que podes conseguir cando rexistras o dominio da túa páxina web, ou a través doutros provedores de correo.

## Documentos e follas de cálculo

Se queres organizar os teus textos, facturas ou inventarios, non necesitas o popular Microsoft Office. Tes unha alternativa libre e moi potente.

- **LibreOffice:** Suite ofimática completa.
  - **Writer:** Para textos.
  - **Calc:** Para táboas e inventario.
  - **Impress:** Para presentacións.



## Recursos

*(Fai click no texto para ir ao recurso)*

- Documentación oficial
- Curso Writer básico
- Curso Writer avanzado
- Curso Calc básico
- Curso Calc avanzado



Nas aulas da [rede CeMIT](#) é habitual atopar convocatorias de cursos sobre LibreOffice.

## Almacenamento na nube

Se usas Google Drive ou Dropbox para gardar os teus ficheiros, tes que saber que hai alternativas que che permiten controlar os teus datos.

- **Nextcloud:** A mellor alternativa libre. Funciona igual pero dádoche o control dos teus datos.
- **Onde probalo?:** Podes ver unha demostración de Nextcloud na [Apeiría de Mancomún](#).



## Recursos

*(Fai click no texto para ir ao recurso)*

- Pílula sobre NextCloud
- Conferencias con NextCloud Talk
- Aplicacións extra para NextCloud


## Para seguir aprendendo: vídeos e tutoriais

Se queres profundar no uso destas ferramentas ou explorar outras novas, aquí tes unha selección de listas de reprodución en YouTube, da canle de Mancomún. Podes velos cando queiras para resolver dúbidas ou aprender ao teu ritmo.

- **Para o teletraballo:** Aquí atoparás tutoriais para organizar o teu día a día e traballar de forma remota coas mellores ferramentas libres.
- **Para o teu móbil Android:** Descubre aplicacións de software libre para o teu teléfono, ideais para xestionar tarefas do negocio en calquera lugar.
- **Para o día a día:** Nesta lista tes unha visión máis ampla de ferramentas libres que che axudarán coa xestión diaria do teu negocio..

# Presenza *online*

Fai que a xente atope o teu negocio. Estas ferramentas axudaranche a crear a túa propia páxina web e a construír unha presenza dixital forte.



## Páxina web

Ter unha páxina web é como ter a túa casa dixital. Con ela podes mostrar os teus produtos, o teu traballo e contar a túa historia sen depender de plataformas alleas.

- **WordPress:** É o creador de páxinas web máis popular do mundo. É software libre e moi flexible. Podes atopar miles de deseños (temas) e funcionalidades (plugins) para adaptalo ás túas necesidades, desde un blog sinxelo a unha galería de traballos ou unha tenda online (usando o plugin de WooCommerce).
- **Onde probalo?:** Podes probalo na súa web, onde podes crear un sitio gratuito ou elixir algunha das opcións de pago que propoñen, segundo as túas necesidades.
- Tamén podes facer a túa propia instalación, ou contratar a alguén que cho faga. Dese xeito terás máis control sobre o proceso e máis posibilidades de personalización e adaptación ás túas necesidades




Como o software de WordPress é libre, os custos principais serán o aloxamento (o lugar onde vive a túa web) e o dominio (o nome da túa páxina, como "omeunegocio.gal").

## Redes sociais e consellos a ter en conta

Ademais de ser un espazo para conectar, as redes sociais son un escaparate para contar a historia do teu negocio. Con ferramentas libres podes crear contidos visuais e vídeos profesionais.

- **Nesta lista de reprodución** atoparás varios vídeos sobre ferramentas para crear vídeos, facer gravacións da pantalla, preparar e mellorar imaxes, etc. Atoparás pímulas sobre Shotcut, Darktable, GIMP, OBS Studio, entre outras.



- **Crea os teus contidos:** Non subas contido directamente. Crea os teus vídeos ou imaxes con ferramentas libres e logo expórtaos para subilos ás redes.
- **Propiedade e control:** Lembra que as redes sociais son un escaparate, non o teu almacén. Garda sempre unha copia dos teus contidos orixinais.
- **Centraliza na túa web:** Usa as redes sociais para dirixir tráfico á túa propia páxina web, onde tes o control total sobre o teu negocio e o teu contido.
- **Coidado coas licenzas:** O feito de que un contido estea en Internet non significa que se poida usar libremente. Asegúrate de que as fotos, vídeos ou música que reutilizas teñen unha licenza que o permita (por exemplo, Creative Commons). O mellor é usar recursos de bancos de imaxes e sons libres ou crear o teu propio contido. Revisa a nosa guía.

# Xestión do negocio e vendas

Estas ferramentas axudaranche coas tarefas máis importantes para a saúde do teu negocio: facturación, contabilidade e organización.



## Facturación e contabilidade

A facturación electrónica será obrigatoria en pouco tempo. Con estas ferramentas podes adaptarte facilmente sen ter que investir en programas custosos.

- **FacturaScripts:** Unha solución libre e completa, perfecta para levar a túa facturación e contabilidade. Ten módulos específicos que se adaptan a diferentes negocios e cumpre cos requisitos legais.
- **Onde probalo?:** Podes solicitar unha proba de FacturaScripts na [Apeiría de Mancomún](#).
- Tamén podes ver [un videotutorial](#) sobre o seu funcionamento.



Lembra: O software é libre, pero quizais precises un profesional para a súa instalación ou para un soporte inicial.

## Xestión integral (ERP)

Se buscas unha única ferramenta para xestionar clientes, provedores, almacén e vendas, as solucións ERP son a resposta.

- **Odoo:** É o referente do software libre neste campo. É unha ferramenta modular, o que significa que podes usar só o que necesites (facturación, inventario...) e engadir máis funcións a medida que o teu negocio crece.
- **Onde probalo?:** Podes facer unha proba de Odoo [na súa web](#), de balde.
- Tamén podes ver [un obradoiro completo](#) sobre o seu funcionamento.



Odoo ten provedores de servizos en Galicia que poden axudarche a instalalo, personalizalo e a darlle soporte.

## Rexistro e trazabilidade

A trazabilidade é fundamental para moitos negocios do rural, xa sexa para saber a procedencia dos produtos, a súa composición ou o seguimento de lotes.

- Ferramentas como Odoo teñen módulos de inventario que che permiten levar este rexistro de forma dixital, pero tamén podes atopar ou crear solucións específicas coa axuda de profesionais do software libre.



A flexibilidade do software libre permite adaptar a ferramenta ás túas necesidades de rexistro exactas, algo moito máis complicado con outras solucións privativas.

## Tendas en liña

Vender os teus produtos na internet pode ser unha excelente forma de chegar a máis xente. O software libre tamén che ofrece opcións potentes para crear a túa tenda online sen depender de plataformas con subscricións.

- **PrestaShop:** É un software libre especializado en comercio electrónico. É moi robusto e permíteche xestionar toda a túa tenda: produtos, clientes, pedidos e pagos.
- **WooCommerce:** Se xa tes unha páxina web con WordPress, WooCommerce é un "engadido" (*plugin*) que a converte nunha tenda online completa. É sinxelo de usar e moi flexible.



Ambas as dúas opcións son moi populares e contan con moita información e profesionais que che poden axudar a poñelas en marcha.

## Recursos

*(Fai click no texto para ir ao recurso)*

- [Proba PrestaShop na Apeiría](#)
- [Pílula sobre PrestaShop](#)
- [Pílula sobre WooCommerce](#)

# Comunidades e recursos

A túa viaxe co software libre non a fas soa. En Galicia, temos unha vibrante comunidade de persoas e organizacións que traballan para promover o software libre e poden axudarche. É como a forza do traballo mancomunado, pero no mundo dixital.



## Comunidades

- A comunidade galega arredor do software libre é moi rica e variada en Galicia. Existen moitas asociacións e grupos locais aos que se pode acudir, sempre abertos á colaboración. Soen ser grupos pequenos e locais, así que é sinxelo atopar algún preto de onde se reside. No portal Mancomún mantemos un [listado](#) deles e ademais unha [axenda](#) das súas actividades.
- Tamén temos en Galicia unha [Asociación de Empresas de Software Libre](#) (AGASOL), de xeito que é relativamente sinxelo atopar profesionais do software libre, que che poidan axudar ou servir como provedores tecnolóxicos para o teu negocio.



Eventos: Asiste a encontros e xornadas sobre software libre. É unha excelente forma de coñecer a outras persoas con intereses similares, descubrir casos de éxito que poden ser similares ao que ti precisas e que non coñecías.

## Recursos de interese ofrecidos pola Xunta de Galicia

- [Portal Mancomún](#): xa sabes, o portal de referencia do software libre en Galicia. A través do cal podes contactar, se o precisas, coa oficina de software libre, para resolver calquera dúbida.
- [Rede CeMIT](#): unha rede de aulas repartidas por toda Galicia onde poderás ter acceso a moitos cursos de formación sobre tecnoloxías de software libre.
- [Mapa de capacidades dixitais de Galicia](#): permitirache atopar provedores tecnolóxicos para axudarte con calquera servizo ou ferramenta dixital que precises.
- [A Apeiría de Mancomún](#): poderás solicitar, de balde, probas de aplicacións de software libre, para ver se encaixan co que estás a buscar e son a solución ao teu problema ou necesidade.
- [IGAPE](#): atopa axudas para impulsar o teu negocio.

## Guías publicadas pola AMTEGA

- [Guía de Boas Prácticas para Liberación de Contidos e Software](#): todo o precisas saber, de xeito básico, sobre a propiedade intelectual e as licenzas. Que podes facer e que non con imaxes ou recursos obtidos da Internet, como licenciar os teus contidos, onde atopar contidos e recursos libres. Todo contado de xeito ameno e visual.
- [Guía de accesibilidade na tecnoloxía](#): porque é importante concienciar sobre a accesibilidade e a universalidade dos contidos dixitais. Fai que os recursos dixitais do teu negocio sexan accesibles a calquera persoa.
- [Guía de liberación de Intelixencia Artificial](#): porque vas atopar a palabra IA ata na sopa, infórmate de xeito ameno das vantaxes, pero con sentidiño, porque coa IA tamén aplica a filosofía do software libre.

## Agora é o teu momento

Agardamos que esta guía che servise para abrir unha xanela a un mundo de novas posibilidades para o teu negocio.

O software libre non é só un conxunto de ferramentas sen custo; é unha filosofía que te empodera, dándoches o control total sobre a túa tecnoloxía e os teus datos.

Lembra que o camiño comeza cun só paso, e ese paso pode ser probar unha ferramenta sinxela como LibreOffice ou GIMP, ou unirse a unha das comunidades que che mencionamos.

A fortaleza do rural galego sempre estivo na colaboración e na mancomunidade, e o software libre comparte exactamente ese mesmo espírito. Así que non dubides en explorar, preguntar e pedir axuda.

A comunidade está aquí para acompañarte.

E se aínda tes dúbidas, aquí tes uns [testemuños de xente do cotiá](#), coma ti.



# AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

